



O Concello licita en 115.000 € as obras de renovación da Casa Cultural de Arnoso

Páxina 9

Nace en Ponteareas a asociación "Móvete polo TDAH"

Páxina 2

O Castelo de Dona Urraca adhírese á Rede Nacional de Patrimonio Histórico Castelos e Palacios de España

Páxina 5

O PP e ACIP solicitan a paralización urgente das obras da rede de calor de biomasa

Páxina 8

Mondariz inicia as obras da cuberta da antiga escola de Toutón

Páxina 10

Arbo xa dispón da súa primeira vivenda social

Páxina 11



Ponteareas habilitará un grande aparcadoiro na rúa Sarmiento Rivera

Páxina 2

Portugal - Alto Minho

Bispo de Viana do Castelo morre em accidente de viação na A2

Páxina 13

CIM Alto Minho cria catálogo de bibliotecas públicas municipais

Páxina 13

Financiamento para a Requalificación da Área Ribeirinha do Rio Minho

Páxina 15

Minhotos e galegos unidos na Ponte de Cerveira contra o lítio

Páxina 16

**CONFITERIA
Regino**

Rosquillas . melindres . variadito de pasteles
sublime de cacao . tarta de té
rocas de chocolate . tarta de frambuesa
tartas personalizables con foto a partir de 2 kg

Reveriano Soutullo, 16 Ponteareas 986 640 834

**INMOBILIARIA
MERCA VENDA**

Casas Locales Fincas Pisos

Ventas Alquileres Tasaciones Presupuestos

Telfs: 986 642 510 - 645 882 020

Avenida Rosalia de Castro nº4, bajo, 36860 Ponteareas
mercavenda@mercavenda.com - www.mercavenda.com

CONDADO/PARADANTA

Ponteareas habilitará un grande aparcadoiro na rúa Sarmiento Rivera

Xunto con outro novo aparcadoiro na rúa Redondela incrementarán nun 50% a oferta actual de prazas, superándose as 900

O alcalde de Ponteareas Xosé Represas anunciou o próximo acondicionamento dun grande aparcadoiro na rúa Samiento Rivera (fronte ao cuartel da Garda Civil) e outro na rúa Redondela. Represas sinalou que o aparcadoiro de Sarmiento Rivera terá unha superficie de 6.500 m² que o converterán no aparcadoiro máis grande dos existentes na vila e que poderá acoller máis de 200 vehículos. Esta nova zona de estacionamento superará en máis do dobre

á más grande existente na actualidade, a da Avenida Rosalía de Castro, de 3.000 m² e con capacidade para 130 vehículos.

O aparcadoiro que se habilitará a carón da rúa Redondela terá preto de 1.000 m², unha superficie semellante á do aparcadoiro existente no centro da Avenida de Castelao con 60 prazas disponibles.

Actualmente existen 650 prazas nun total de 8 aparcadoiros de uso público repartidos ao redor do centro urbano de Ponteareas,

polo que os dous novos aparcadoiros suporán incrementar o número de prazas existentes en aproximadamente un 50% máis.

Os traballos de preparación dos terreos comezarán a videnteira semana cos labores de desbroce e a intención do goberno local é que en poucas semanas os aparcadoiros poidan estar operativos. O novo espazo de estacionamento de Sarmiento Rivera está a tan só 150 metros e a dous minutos camiñando da Casa do Concello.

Represas salientou que con estas



novas actuacións "damos un novo paso de cara a promover a mobilitade sustentábel en Ponteareas, facilitando aparcamiento na contorna máis próxima da vila e promovendo os desprazamentos a pé

desde eses aparcadoiros a calquera destino do centro urbano", sinalou Represas. O alcalde lembrou que "desde estes aparcamientos calquera punto da vila se atopa a menos de 10 minutos camiñando".

Nace en Ponteareas a asociación "Móvete polo TDAH"

A concellería de Ensino, que dirixe a tenente de alcalde Cristina F. Davila, presentou a asociación "Móvete polos nosos fillos", que nace para loitar pola visibilidade e polos dereitos das persoas afectadas polo trastorno de aprendizaxe TDAH nas comarcas do Condado, da Paradanta e da Louriña.

A asociación nace co apoio de profesionais do eido educativo e da psicoloxía que desenvolven o seu traballo na nosa vila como Ángeles Lores ou Betty Gil ademais de contar coa colaboración de distintas asociacións.

É difícil comprender se non se coñece. Se as persoas que conviven cos nosos nenos e nenas afectadas de TDAH nas escolas, nas actividades extraescolares, os futuros amigos e amigas deles, descoñecen as características da súa persoalidade e do seu comportamento, será difícil conseguir comprensión, proximidade, implicación e incluso admiración polas súas capacidades", explicou Cristina F. Davila.

Durante a xornada de participación os e as participantes puidieron coñecer como se vai desenvolver o traballo da asociación a través de tres comisións: unha

educativa e de apoio escolar, outro de ocio e tempo de lecer e, por último, a través da comisión psicoterapeuta.

As familias asociadas gozarán das terapias e actividades que organice a asociación obtendo todo o respaldo preciso para unha mellora do día a día. Para contactar coa asociación deberán facelo mediante correo electrónico movetepolotdah@gmail.com ou por teléfono no 643 15 29 05

Ademais, os pequenos e pequenas asistentes puideron gozar de actuacións musicais terapéuticas e dun obradoiro de confección e

personalización de mascarillas.

A concelleira valorou moi positivamente o traballo destas familias e dos e das profesionais que forman "Móvete polo TDAH" e manifestou o seu total apoio para conseguir xuntos unha sociedade máis inclusiva e tolerante.

"Dende a concellería de Ensino, Eventos e Saúde que dirixo, así

como a de Benestar Social de Verónica Carrera prestaremos todo o noso apoio e respaldo a esta iniciativa e seguro que teremos oportunidade de traballar con vós de xeito transversal en aquelas áreas que como Mocidade e Voluntariado, Deportes, Cultura ou Medioambiente dará posibilidades de realizar colaboracións moi interesantes".

O remendón CERRAJERO

24 HORAS

- Apertura de puertas
- Cambios de cerraduras
- Mantenimiento de comunidades
- Duplicado de llaves y telemandos
- Automatismos
- Amaestramiento bombillos
- Reparación de calzado

SEVICIO OFICIAL Duplimec

Rosalía de Castro, 61
Salvaterra de Miño

637 764 865
www.cerrajeroremendon.com

Onoso Eido

taberna

Especialidades en: Anxotes e Lameiras, Picos do Río, Choco a Prancha, Bacalao e Kicos a brasa.

RESERVAS: Arousa 651 040 534. Cede 646 424 968
Telf. 986 658 313 Rúa da Fraga, 5 - SALVATERRA DE MIÑO (PO)

milfollas

Carballos, 10 - PONTEAREAS
Telf: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 - SALVATERRA
Telf: 698 126 552

milfollas@mundo-r.com

LIBRERÍA • PRENSA • PAPELERÍA

EDITORIAL

Por Guillermo Rodríguez, Director

Ter opinión non é o mesmo que ter criterio



Hoxe voulles facer partícipes das miñas lecturas; en concreto dunha das últimas. Son consciente de que non todo o mundo ten o vicio de mercar e ler libros. Os do meu tempo non fomos educados para iso e os actuais teñen tantos divertimentos que, eu entendo perfectamente, non lles quede moito tempo para pararse a ler un libro sobre o que está ocorrendo ao noso arredor e que nos resulta difícil poder entender moitas veces. Os que somos lectores empedernidos sabemos que hai cousas que só podemos coñecelas polos libros que lemos ou polas revistas especializadas que eliximos. Claro que non resulta barato. Non é o mesmo gastarse 50 ou 100 euros cada mes en libros e revistas que botar man dun móbil e emborracharse coa cantidade de (ía dicir tonterías) información que alí se nos ofrece. Boa, mala e peor. O difícil é ser quen de diferenciala. Todo estrá pensado para que nos pareza estupenda, áinda os maiores disparates.

Por esa razón eu só podo ofrecerelles unha breves notas dunha lectura destes días (El Viejo Topo, setembro de 2020-Josep Burgaya) que entendín debera facerles partícipes. Ten que ver cos riscos da aculturación dixital.

Imos lá, como dirían os do Baixo Miño e Val Miñor.

As redes sociais están reconfigurando o mundo. Cambian as pautas de consumo, o acceso á información, os nosos valores e o noso comportamento. Pasaron de ser un complemento, unha axuda a formar parte da nosa "humanidade". Un dos aspectos máis brutais desta mutación estase a producir no eido da información, da comunicación , do acceso ao coñecemento. Damos por certo todo o que circula pola rede. A rede non é un instrumento neutro; está deseñada dunha maneira determinada; é o instrumento más disruptivo que teñamos coñecido ata agora.

O mundo dixital non é unha posibilidade, é un dato no noso mundo que establece unha lóxica de razoamento e de comportamento. O medio tamén é a mensaxe; consultamos as mesmas páxinas da datos de internet, lemos as mesmas críticas e recomendacións, vemos os mesmos vídeos en Youtube, enterámonos dos memes rumores e visionamos as mesmas series antes de que se emitan por televisión. No mundo

miñamos cara a unha ficción de vida que é a que nos construímos no imperio dixital, alonxada da realidade. Somos o que cremos. Construímos un mundo virtual á nosa medida para soltar as nosas frustracións. Por que vivir unha vida vulgar se podemos construir unha ao noso gusto?.

A colmea dixital está poboada de individuos sós e atafegados en busca dunha individualidade. As novas tecnoloxías alteran diariamente as nosas vidas; as tradicións do pasado non poden ser recuperadas. Temos pouca idea do que nos deparará o futuro. Estamos forzados a vivir como se foramos ceibes.

Ninquén decidiu sobre a conveniencia ou non de desenvolver e de dispor de internet, pero o certo é que apareceu e os cambios que ten provocado e con el toda a cultura dixital debe ser a maior disruptión da historia, como míño comparable coa revolución neolítica e a revolución industrial. As capacidades científicas e tecnolóxicas

actuais pónennos diante de problemas éticos e morais dun certo calado. Un mundo este privado e á marxe de todo control democrático onde non se garantiza a liberdade investigadora de tecnólogos e científicos como alguén puidera crer, senón os intereses empresariais que loxicamente están detrás de toda esta costosa actividade investigadora.

As investigación son de tal calado que a miúdo se producen sen un marco legal previamente establecido, cousa que se terá que facer a posterior cando os efectos perversos xa se teñen establecidos e cando o debate está mediatisado polos intereses monstruosos cos que se fixeron as grandes corporacións. A lóxica monopolística das grandes corporacións é unha proba disto que dicimos. Soamente EE.UU ten a mínima capacidade de intervir para conducir esta situación dentro das canles do libre mercado e chegar aos tribunais, as cousas sempre

se arranjan por medio dun pacto coas empresas, o que demostra a súa capacidade para tutear incluso as grandes potencias estatais.

O imperio do tecnolóxico ten os seus perigos e disfuncións, así como a necesidade de protexer algúns valores básicos da nosa sociedade que corren o risco de verse asaltados e arrasados. Tal vez algúns aspectos dos traballos sobre biotecnoloxía sexan os que resultan más inquietantes. A empresa de datos Acxiom posúe e comercia os datos persoais de 300 millóns de estadouidenses, é dicir, praticamente todos. Esta empresa sábeo todo dos cidadáns norteamericanos, moito máis do que nunca soñou saber o FBI. Os individuos son agrupados en setenta categorías segundo o seu valor económico como consumidores. Son ofertados nun catálogo como pura mercancía. Que Amazón, a partires da información disponible sobre cada un de nós, poida estar en condicións de saber os nosos gustos e preferencias literarias resulta inquietante. Esta empresa planifica seriamente mandarnos libros sen que nós os teñamos pedido, sabedores de que as devolucóns van a ser ridículas. Pode parecer anecdótico pero é unha mostra tsunami de información no que estamos asulagados, o control e previsibilidade das nosas accións libres.

Na medida en que o Big Data permite facer prognósticos sobre o comportamento humano o futuro convértese en predecible e controlable.

Espero que isto lles teña servido para molestarse en informarse de cousas que non veñen en internet. Así poderemos ser un chisco máis ceibes, ainda que á velocidade que van as máquinas dixitais témolo bastante difícil. Outro día falareilles das miñas lecturas sobre a intelixencia artificial. Un novo mundo relacionado con todo o anterior pero áinda máis sofisticado. Non esquenzan que o que non dan "gratis" significa que van decidir por nós.

Saúdos. Sexan felices todo o que poídan.



CONDADO/PARADANTA

Salvaterra

Lazoiro denuncia o uso de maquinaria pesada no Castelo de Santiago de Aitona, en Salvaterra de Miño

Asociación Lazoiro de Salvaterra de Miño vén de denunciar o traballo que está a realizar maquinaria pesada na zona do Castelo de Santiago Aitona, declarado como BIC con referencia RI-51-0008972. Trátase –explica Lazoiro– “dunha fortificación abaluartada realizada en terra e situada no lugar do Casal, nun estado de abandono por parte da

administración e sen ningún tipo de sinalización”.

Cómpre salientar que Lazoiro leva anos solicitando a súa sinalización e mesmo formalizou fai uns meses unha queixa perante Patrimonio, “que fixo caso omiso das nosas advertencias”, asegura a Asociación que, nesta mesma semana tivo coñecemento da realización de obras de grandes dimensións con maquinaria pe-

sada “que afecta ao BIC ao tratarse de movemento de terras, talas de árbores e levantamento dun muro de grandes dimensións”.

Lazoiro lamenta unha vez máis o abandono, tanto por parte de Patrimonio coma do Concello de Salvaterra, do Castelo de Santiago Aitona, “que podería ser usado para fomentar o turismo e posta en valor do noso patrimonio”.



O Club de Petanca Condado Salvaterra clasificado para o Campionato de España

OClub Condado Salvaterra participou con dous equipos para Fase Previa Campionatos de España Dupletas de Segunda, os días 19 e 20 de setembro nas pistas da ACD Xestas, sempre baixo o protocolo Fisiocovid-dxtgalego petanca.

Como resultado desta participación o Club Condado resultou primeiro clasificado para xogar o Campionato de España en Palma de Mallorca os días 17 e 18 de Outubro.

O outro equipo participante quedou nun honroso quinto posto.

O Club de Petanca Condado Salvaterra, fundouse en novembro do 2004, comezando a súa andaina deportiva na Liga de Petanca no ano 2005.



Plan de Emprego 2020 de Salvaterra

OConcello de Salvaterra de Miño continua co seu labor de integración tras poñer en marcha un Plan de Emprego 2020 finanziado con 167.149,40 euros pola Diputación de Pontevedra que arrincou en marzo.

Gracias a esta subvención o concello contratou a 15 novos traballadores e traballadoras municipais ao amparo da Liña 3 do Plan Concellos 2020.

As persoas contratadas en diferentes postos e categorías están a dedicarse a labores de conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, tal e como recollen as bases reguladoras da convocatoria do plan.



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

SALVATERRA

O Castelo de Dona Urraca asina a adhesión á Rede Nacional de Patrimonio Histórico Castelos e Palacios de España



O Castelo de Dona Urraca constitúe un dos edificios que menos alteracións arquitectónicas sufriu co paso dos anos e, como consecuencia, trátase dun dos edificios máis representativos da comarca do Condado do Tea, que hoxe en día acolle o Museo da Ciencia do Viño do Condado, un espazo que rende unha homenaxe ao noso rural e a un produto tan noso como é o viño e a viticultura.

Conscientes do seu incalculable valor histórico, arquitectónico, cultural e patrimonial a adhesión do Castelo de Dona Urraca á "Red Nacional de Patrimonio Histórico Castillos y Palacios de España" contribúe á mantenza viva deste

espazo, o cal forma parte da identidade da vila, dándolle maior visibilidade e desenvolvendo interesantes sinerxías entre administracións públicas e privadas.

A Rede Nacional de Patrimonio Histórico Castelos e Palacios de España, que conta co apoio da Secretaría de Estado de Turismo e Turespaña, trae aparelladas interesantes vantaxes coma o recoñecemento nacional e internacional do espazo histórico- e por extensión do destino turístico: Salvaterra de Miño-; a mellora de imaxe e posicionamento de destino; a redución de costes derivados da promoción, comunicación e comercialización ou a súa proxección tanto nacional como internacional.

Spain Heritage Network é a plataforma tecnolóxica da "Asociación y Club de producto turístico de Castillos y Palacios de España". Este club de producto de turismo cultural pretende reunir, nunha mesma rede, ós castelos e palacios más importantes de España, tanto dende o punto de vista histórico como arquitectónico, para contribuír a súa posta en valor e para a súa difusión e desfrute por parte de todos.

Cada castelo membro da rede, como é o caso do Castelo de Dona Urraca de Salvaterra de Miño, dispón dunha miniweb con toda a información acerca da súa historia, as súas personaxes e a súa oferta turística.

O CAAN da Deputación rescata 28 cachorros de catro camadas en Salvaterra, A Cañiza e Meaño



Personal do Centro de Acollida e Protección de Animais (CAAN) da Deputación de Pontevedra rescatou nas últimas dúas semanas a un total de 28 cachorros, pertencentes a catro camadas, nos concellos de Salvaterra, A Cañiza e Meaño. As crías, cuxas idades oscilan entre o mes e os dous meses, estanxe a recuperar nas instalacións da Armenteira, precisamente na nova zona de maternidade que estreou a principios do mes de agosto.

Posteriormente, o día 24 o CAAN rescatou a dez cachorros dunha zona de moi difícil acceso nun monte da Cañiza, despois do aviso dun particular. Neste caso, non se puido recoller nesa xornada á nai e os catro canciños e seis cadeliñas están a evolucionar moi ben, a pesar de que foron recollidos con apenas un mes de idade.

condicións críticas, con diferentes patoloxías e moi débiles, pero afortunadamente están a evolucionar de xeito favorable. Teñen agora dous meses de idade e están conseguindo saír adiante cara súa futura adopción. Neste senso, hai que lembrar que os animais do CAAN non poden abandonar o centro ata ter completado o seu cadro de vacinacións.



CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

Ponte Solidario alerta de situacións de senfogarismo en Ponteareas

O colectivo, que leva traballando contra a exclusión social e a favor dunha vila con cero pobreza dende o ano 2013, informou hai uns meses ao goberno de Ponteareas da situación de extrema gravedade dalgunhas persoas da vila que se atopan en situación de senfogarismo. Desde entón, mantiveronse dúas xuntanzas co goberno local para delimitar e activar medidas de urxencia.

Ponte Solidario mostra a súa total colaboración para atallar con urxencia esta realidade e presentou medidas concretas á concelleira de Benestar Social que aportan unha solución inmediata. O colectivo reclama celeridade

na acción, evitar a estigma e a normalización do senfogarismo e que Ponteareas sexa exemplo dunha vila que atende a toda a cidadanía e non deixa a ningunha persoa atrás.

Ponte Solidario leva denunciando problemas de vivenda en Ponteareas nos últimos anos, de forma particular o fixo en 2015 coa publicación do Informe de Mínimos que incluía medidas concretas en materia de habitabilidad e advertía da situación de extrema necesidade de moitas familias. A crise sanitaria, social e económica da COVID 19 supón un incremento de persoas que se atopan nesta situación.

O colectivo leva anos denun-

ciando que a maioría das unidades de convivencia que participan en Ponte Solidario teñen a hipoteca ou o aluguer como principal problemática. Esta realidade debera ser motivo para impulsar políticas públicas de vivenda que servan como motor de prevención da exclusión social e da pobreza material severa. A ineficacia das políticas estatais, nacionais e municipais en materia de inclusión social, baseadas nun sistema social e económico que propiciou a existencia de miles de vivendas baleiras mentres moitas persoas dormen na rúa ou en condicións inseguras, son as culpables de que veciños e veciñas se atopen nesta situación límite.

O Goberno bipartito publica unha oferta de estabilización de emprego sen consensuar

O PP de Ponteareas ven de denunciar publicamente que novamente o goberno municipal do BNG-PSOE minte aos traballadores, e incumpe o acordado na reunión mantida entre ambas partes o pasado mes de xullo, en relación ao proceso de consolidación de 67 posto de traballo que ocupan traballadores cunha longa e meritaria traxectoria profesional.

Belen Villar, voceira popular, afirma que "según o que nos transmiten os sindicatos, nesa reunión acordouse que o proceso extraordinario de estabilización de emprego, empezaría a negociar a partir do mes de outubro deste ano. Pero sorprendentemente, os propios traballadores municipais enteráronse polo noso grupo municipal, o día 28 de agosto, de que o Alcalde acababa de firmar o Decreto polo que se aprobaba esta oferta extraordinaria de estabilización de emprego".

Dende o PP tamén denuncian



a tensión que está xerando entre os traballadores municipais esta cuestión debido a absoluta falta de transparencia e consenso por parte do goberno bipartito BNG-PSOE. "Os que tanto predican co diálogo e a negociación colectiva, non escoitan e vulneran reiteradamente o espírito negociador e o principio de boa fe actuando dun xeito ditatorial. No seu momento intentaron castigar a moitos de estes traballadores denunciando "enchufismo", pero os xulgados rexeitaron tal denuncia. Agora, BNG-PSOE continúan tendo unha actitude persecutoria convocando as súas prazas sen previo aviso e cun total escurantismo".

ACIP pide paralizar o novo catastro

O voceiro de Alternativa Ciudadá de Ponteareas (ACIP), Juan Carlos González Carrera, denunciou que a nova revisión catastral impulsada polo Concello de Ponteareas "está fora de lugar", solicitando a "paralización inmediata" da mesma.

Segundo ACIP, de acordo con esta nova revisión, os veciños de Ponteareas reciben "cartas ameazantes" con multas "entre 60 e 6.000 euros se non se presentan" para a súa revisión catastral. Considerou igualmente que ditas cartas dan cita nas oficinas de ORAL de Xestión Tributaria e Catastral,

denunciando que son atendidos "por unha empresa privada" para a revisión das súas propiedades.

ACIP informou igualmente que a derradeira revisión catastral realizouse en 2010, subindo "un 10% anualmente durante dez anos". Polo tanto, cualifican como "curioso" que moitos veciños, maioritariamente os habitantes das Parroquias do rural, "están recibindo ditas cartas cando teñen a súa propiedade ao día pola revisión de 2010 e sen realizar ninxuna obra durante estes anos", acusando que son precisamente as persoas do rural os prexudicados



por esta medida.

O voceiro de ACIP denunciou que isto provoca un éxodo de veciños de Ponteareas cara concellos limítrofes que contan "con impostos moi baixos".

EU Ponteareas pide "accesibilidade universal" á Praia Fluvial da Freixa

A agrupación local de Esquerda Unida (EU) enviou un escrito aos representantes políticos na corporación municipal de Ponteareas coa finalidade de facer cumplir a lei 10/2014, de accesibilidade de Galicia, de cara ás obras promovidas polo Concello de "execución de acondicionamiento de construcción, recuperación e posta en valor da Praia Fluvial de A Freixa", vixentes desde 2018.

EU Ponteareas considera que este proxecto "non garante o acceso universal a un parque público, contravindo a lexislación sobre accesibilidade". Este escrito foi enviado tras consultar coa asociación ADAPTA de per-

soas con discapacidade. Así, EU abstívose de votar este proxecto, tras revisalo e atender a demanda realizada por un veciño de Ponteareas de aendar o entorno da praia da Freixa co obxecto de garantir a accesibilidade universal neste espazo público, principalmente das persoas con discapacidade.

A formación política esixe a revisión do proxecto, a realización dun estudio que permita a habilitación dun itinerario accesible dende o casco urbano, con atención na parroquia de Bugarín, e que enlace ambas as marxes do río no entorno da praia da Freixa, e a publicación deste proxecto e das súas obras.

ACIP esixe solucións para a escola infantil ante o COVID 19

Alternativa Ciudadá de Ponteareas (ACIP) solicitará no próximo pleno municipal a comparecencia da Concelleira de Servizos Sociais (BNG) Verónica Carrera, para que aclare as demandas realizadas polos pais e representantes sobre a súa xestión, en particular o funcionamento da escola infantil ante a problemática do COVID 19.

ACIP acusou á concelleira Ca-

rreira de "falta de diálogo" cos traballadores do sector educativo na aplicación do protocolo sanitario, así como no seu trato cos pais e representantes, denunciando que "impón o seu criterio" nunha cuestión tan importante como é conciliación laboral e familiar.

Denuncian así a problemática cos cambios de horarios na gardería pública, que obriga a que moitos pais teñan que acudir á

gardería privada, cuxas prazas xa están completas, para buscar un mellor servizo. De 125 prazas previstas nesa gardería pública, as solicitudes quedaron en 109 e con perspectivas á baixa.

ACIP tamén denunciou sobre "a estratexia do goberno BNG-PSOE" de "desmantelamento dos servizos públicos", paralizando incluso a construcción da nova gardería que está prevista no parque Ferro Ucha.

Comeza a andar o proxecto 'Dixitaliza o teu negocio' do Concello de Ponteareas

O Concello de Ponteareas presentou a iniciativa 'Dixitaliza o teu negocio', con plans de formación e asesoramento individualizado para os comercios de Ponteareas e a planificación de estratexias empresariais adaptadas ao novo contexto provocado polo coroavirus

O plan, que inclúe tamén unha plataforma escaparate para o comercio de Ponteareas, "vai orientar e facilitar aos comercios a mellora do seu posicionamento online, permitindo coñecer todas as alternativas para que cada un escolle o seu método de dixitalización" explicou a concelleira de Promoción Económica, Eva Gil.

O obxectivo desta iniciativa, segundo manifestou a concelleira nacionalista, "É desenvolver o potencial que ten todo o tecido empresarial do municipio e axudar na súa adaptación ás novas circunstancias do mercado e aos novos hábitos de consumo, sen perder a esencia do comercio local, de tempada e de proximidade".



A formación estará a cargo de profesionais para dar a coñecer pautas que sirvan de axuda aos negócios, analizando e resolvendo cada situación concreta coa finalidade de incrementar as oportunidades de venda e mellorar a produtividade e competitividade dos negócios, sinalou Eva Gil.

O alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, quixo recoñecer o esforzo realizado polo comercio local para a súa reapertura e tomando as medidas de prevención necesarias

para gañar a confianza dos veciños e reducir os riscos sanitarios e animou a todos os comerciantes a participar neste proxecto, totalmente gratuito, e que todos os comercios poida adaptar os seus negócios á nova situación derivada da COVID-19".

Os empresarios e autónomos interesados en sumarse ao proxecto; "dixitaliza o teu negocio" para participar na formación poderán inscribirse a través da plataforma www.dixitalizaponteareas.com.

Entra en vigor a redución de velocidade na Avenida de Castelao a 30 km/h

A concellería de Mobilidade e Tráfico informa da entrada en vigor da redución da velocidade máxima de circulación na Avenida de Castelao a 30 km/h. A medida, autorizada pola Xunta de Galicia que é titular do vial, persegue mellorar a seguridade vial e reducir a contaminación e adiántase á previsión anunciada pola Dirección Xeral de Tráfico de reducir por lei a velocidade máxima en vías urbanas a 30 km/h como máximo.

Esta medida complementa a adoptada xa no mes de maio consistente en reducir a velocidade no resto das vías urbanas de titularidade municipal a 20 km/h dando as mesmas carácter residencial e, polo tanto, prioridade peonil en calquera punto da calzada.

Esta redución de velocidade para incrementar a seguridade vial e, especialmente, das persoas que camiñan ou circulan en bicicleta, engádese a outras actuacións de mellora da mobilidade peonil e da seguridade realizadas nesta avenida nos últimos meses. Por unha banda retiráronse das beirarrúas cinco terrazas de hostalaría que se reubicaron en zonas de estacionamento, asemade procedeu á retirada de tres postes de media tensión en desuso desde hai anos que se atopaban no medio das beirarrúas e pintáronse cinco pasos de peóns para dar continuidade aos itinerarios peonís das beirarrúas (nos cruces coas rúas San Roque, Perillana, acceso ao Santiago Apostol, Ramiro Sabell e a carón do parque infantil da Avenida de Castelao).

Moda - Decoración
ROMERO
 desde 1890

Constitución, 3 - PONTEAREAS
 986 640 008

**CRISTALERIA®
 CONDADO, S.L.**

Derivados do Vidro

Tel: 986 82 13 42
cristaleriacondado.com

Avenida de CASTELAO, 9
 36860 PONTEAREAS
 (Ponterrodo)

**CONFITERÍA
 La Marguesina CAFE**

Reveriano Soutullo, 1 - Tel.: 986 640 243
 Ponteareas

JJ COPAS

JJ COPAS PONTEAREAS

**PINTURAS
 BARCO LEÓN**

PINTURA PLÁSTICA - BARNICES
 ESMALTES - PAPELES

Los precios más baratos del mercado

PINTAMOS SU CASA . PÍDANOS PRESUPUESTO

Paseo Matutino, 2 . 986 650 920 - 694 421 045 . Ponteareas
 Villanueva, 18 . 986 651 145 - 609 366 364 . A Cañiza

conscem CONSTRUCCIONES

DELEGACIÓN DE GALICIA
MODIKO.
 CONSTRUCIÓN INTEGRAL

OBRA NUEVA · REFORMA · REHABILITACIÓN · PROYECTOS
 GESTIÓN Y FINANCIACIÓN · COMpra-VENTA DE INMUEBLES

Morales Hidalgo, 4 Bajo 36860 PONTEAREAS · T. 986 04 51 51

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

O PP e ACiP solicitan a paralización urxente das obras da rede de calor de biomasa

O Grupo Municipal do PP solicita a paralización inmediata das obras da Rede de Calor de Biomasa, levadas a cabo en pleno centro urbano de Ponteareas, que carrearon un gran enfado entre os veciños da zona.

A portavoz local, Belén Villar, solicita diálogo urgente ao bipartito para liquidar este problema. "Esiximos a convocatoria dunha reunión urgente para tranquilizar aos veciños. Que se lles explique o funcionamento desta rede de calor e téntese cambiar a localización non só por cuestiós estéticas (prevese a instalación de chemineas de 18 metros de altura) e de operatividade, senón porque varios veciños aseguran ter documentos que acreditan a cesión deses terreos, por parte dun particular, para uso exclusivo de servizos sociais" explicou a portavoz.

O Grupo Municipal do PP considera que se o bipartito continúa adiante estará a prexudicar aos

veciños desta zona e podería comprometer a economía do Concello. "A rede de calor é necesaria, por iso votamos a favor no seu momento, pero entón non se falou de localización, xa que segundo o propio alcalde isto era "unha primeira fase do antigo proxecto". O que non pode ser é que se fagan as cousas con este escurantismo, plantando unha instalación deste tipo pegada a un Centro de Día e a unha Residencia de Maiores, sen ningunha explicación sobre a elección dessa localización. No PXOM, paralizado actualmente polo Concello, expõe unha zona de espareximento e desfrute para os maiores, cun parque biosaudable nesa zona, e cualificado o terreo como de uso asistencial. Os veciños aseguran ter documentos que acreditan que esos terreos foron cedidos para uso social. Se as obras continúan e deciden acudir ao Xulgado, o Concello de Ponteareas podería ser sancionado econometricamente", alerta Villar.



Manifestación diante do Concello o venres 18 de setembro.

Os populares lamentan o actual silencio do grupo ACiP e do PSOE que, pola contra, alzaron a súa voz en contra en 2011 con instalacións similares nos arredores do pobo.

ACiP tamén pide a paralización das obras

ACiP solicita a paralización inmediata das obras e denuncia que a falta de trasparencia e falta de consenso do Sr. Represas provoca unha situación evitable, pois este proxecto tería que realizar a súa exposición pública, e tamén informar os veciños das rúas afectadas.

O propio proxecto falsea a titularidade dos terreos, pois dí que son do Concello, cando pertenecen a unha fundación a cal non ten coñecemento da devandita situación.

Para ACiP a situación desta Central Térmica de Biomasa, a súa localización non é a acertada pola súa situación no centro urbano, e más no recinto da Residencia da Terceira Idade e Centro de Día, entre outros se están realizando as obras non garantindo a entrada dos usuarios en Centro de Día, co cal o propio centro tería que estar pechado. Anulan o espazo zona

verde que era do Centro de Día, mesmo tecnicamente é unha planta onde se xera fumes danios á zona por moitas chemineas que leve, pois está situada nunha zona baixa, e o poboado principalmente en días de néboa unido á baixa presión fará descender estes fumes afectando as vivendas linderas e aos usuarios do Centro de Día e Residencia.

Para ACiP non é o único sitio posible, xa que no ano 2017 aprobouse noutro lugar fora do centro urbano.

Segundo ACiP este proxecto aprobouse no pleno do día 21 de maio de 2019, vésperas das eleccións municipais, e foi aprobado por todos os grupos BNG-PSOE-Partido Popular, e coa abstención dos Concelleiros de ACiP por non parecerelles a localización ideal, por iso sorpréndelles a reacción do PP que agora di o contrario. Desde Acip temen que se teña que devolver os 800.000 euros da obra. "Veremos quen asume esa responsabilidade" din.

O goberno municipal do BNG e PSOE lembrou que a "a rede de calor con biomasa é un proxecto exemplar, de vanguarda, inócuo, feito con rigor técnico e legal e que conta con todos os informes legais e técnicos favorabeis e o apoio da Unión Europea".

O executivo local amósase "sorprendido" diante das críticas que lidera o PP "quen votou a favor do proxecto no que xa figuraba a ubicación da instalación e as súas características". Neste sentido "lamenta que agora, por oportunismo partidista pretendan xerar alarma entre a veciñanza manipulando a realidade". Segundo o alcalde Xosé Represas "o PP equivócase porque as dúvidas ou temores que a súa atitude irresponsábel poda provocar quedaran disipados cando a instalación comece o seu funcionamento, deixando en evidencia a súa falta de seriedade".

A instalación é o resultado dun proxecto redactado por profesionais dunha enxeñería con ampla experiencia que conta con todos os informes técnicos e

O Goberno defende o seu proxecto "exemplar, de vanguarda, inócuo e feito con rigor"

legais favorabeis que certifican que a actuación se axusta á legalidade desde o relativo á titularidade da parcela até a normativa urbanística, ambiental, de protección do patrimonio, etc.

Respecto ás dúbdas sobre o impacto e as molestias da instalación, o Concello é contundente: a instalación é inócuia e non xerará impacto nin molestias. A construcción atópase nunha parcela de 490 m² ocupando 83 m² que representan tan só o 17% do sola e a súa altura é de 7 metros que contrasta cos até 22 metros dalgún dos edificios colindantes.

En canto ao período de funcionamento da instalación será de seis meses ao ano, pois a rede está destinada a calefacción. O goberno explica que o tráfico pe-

sado que vai xerar é mínimo. "O silo ten unha autonomía de 22 días e, pola súa capacidade, só precisa a carga dun camión semanal de 45 m³, pouco máis grande que o vehículo do servizo municipal de recollida de enseres", sinalan desde o executivo local, lembrando que "hai supermercados no casco urbano que realizan descargas a diario con camións que duplican ese volume". Os camións accederán logo das 19:00 horas tralo peche do Centro de Día.

Respecto ás emisiós, o goberno salienta que mentres unha instalación de gasoil de igual capacidade para abastecer aos edificios públicos xera 365.000 kgs de CO₂ ao ano, a de biomasa tan só 18.000, é dicir, 20 veces menos cunha redución do 95% de contaminación. Esta

caldeira sustituirá as cinco caldeiras de gasoil das que dispoñen os edificios aos que subministrará calor. En canto á cheminea, o seu diámetro é semellante ao das saídas de gases exteriores de restaurantes instaladas en fachadas da localidade. Respecto á súa altura, tal e como obriga a normativa urbanística, situarse un metro por enriba do cumio da edificación máis alta, como acontece coas saídas exteriores de gases dos restaurantes.

O Alcalde lembra que apostar por iniciativas como a rede de calor con biomasa é poñer a Ponteareas na vanguarda das políticas de eficiencia enerxética, aforro económico e promoción do emprego local. Xosé Represas conclúe que "coa rede de calor evitamos os combustíbeis fósiles altamente

contaminantes, reducimos espectacularmente as emisiós de CO₂, usamos un sistema de maior poder calorífico, cun combustíbel más barato, aforrando un 30% na nosa factura da calefacción, evitamos os riscos de explosión das caldeiras de gasoil e os malos cheiros destas, e promovemos o emprego local e rendementos para as comunidades de montes a través da transformación da madeira en astilla na nosa zona". O Alcalde lembra que este tipo de instalacións existe desde hai anos sen crear problema algúin en Mondariz Balneario, e neste caso cun 70% de maior potencia que a de Ponteareas, para subministrar calor a un complexo hoteleiro.

Segundo Represas, "cando esas persoas e partidos falan de planta de biomasa ou de central térmica faltan á verdade, pois o que se está executando é simplemente unha caldeira, coa diferenza de que en lugar de funcionar con gasoil funciona con biomasa, é dicir, con achas de madeira e por tanto, un 95 por cento menos contaminante que o gasoil".

O Concello licita en 115.000 € as obras de renovación da Casa Cultural de Arnoso

O Concello de Ponteareas publicou a licitación das obras de renovación da Casa Cultural da parroquia de Arnoso, consistentes na rehabilitación para a mellora da eficiencia enerxética, accesibilidade e conservación, por un importe total de 115.192,00 euros.

“É un proxecto que responde á demanda dos veciños e veciñas de Arnoso, e na liña xa iniciada en 2015 de compromiso e colaboración coas Casas Culturais das parroquias”, manifestou o alcalde de Ponteareas, Xosé Represas.

As obras, que contan con financiación do Plan Concellos da Deputación de Pontevedra, permiten unha mellor redistribución dos espazos para facelos más versátiles e coas actuacións para a mellora da eficiencia enerxética, o edificio gañará en confortabilidade para a realización das actividades culturais e sociais da veciñanza de Arnoso.

O prazo para presentar as ofertas, a través dun concurso público aberto que garante a transparencia para a realización

das obras por parte das empresas interesadas, está aberto ata o 24 de setembro ás 14 h.

Este edificio que naceu sendo unha escola pública, ten para os veciños e veciñas de Arnoso unha especial relevancia e tamén unha dimensión histórica, social e emocional.

Con problemas de humidade e de distribución espacial, o proxecto de reforma conseguirá ofrecer tres espazos independentes e diferenciados pero que, á vez, poden ter continuidade (unha zona para o bar, outra para sala de reunións con baño adaptado a persoas con mobilidade reducida e unha sala multiusos con baño).

Respectando os valores estéticos e arquitectónicos das fachadas procederanse á impermeabilización e illamento de solo, fachadas e tellado, construíndo unha cañela exterior no chan en todo o perí-

metro para evitar a entrada de auga.

O porche pecharase para acoller un vestíbulo interior calefactado que servirá tamén de sala de reunións ao contar cunha porta que permite illalo do resto da estrutura. O almacén convertirase no baño adaptado ao que se pode acceder tanto dende calquera sala do interior como directamente do exterior e o bar contará con armarios como zona de almacenaxe organizada. Coa reforma o edificio contará con dúas entradas independentes e rampas de acceso.



Ponteareas adxudica 180.000 euros en axudas para empresas e autónomos

As concellerías de Emprego, Formación e Comercio do goberno municipal PSOE-BNGE en Ponteareas concederon un total de 18.000 euros en axudas para autónomos e empresas, a fin de paliar a crise socioeconómica derivada do COVID 19.

Estas axudas foron concedidas a un 80% dos solicitantes de axudas directas de reactivación económica, sendo estas 419 dun total de 540. Os montos oscilan entre 500 e 300 euros para cada un. Están ainda pendentes de resolverse 41 recursos interpostos.

Toda vez, o Concello de Ponteareas informou que adiantarán outras posibilidades de axudas para aqueles negócios que, por problemas económicos con outras administracións, non puideron acceder a esta subvención, así como novas liñas de financiamento para a reactivación económica da vila.

Un préstamo de 2 millóns de euros permitirá a Ponteareas pagar grandes obras antes de cobrar as subvencions

O Concello de Ponteareas contratará un préstamo de 1.925.000 euros a tan só un ano para adiantar o pago ás empresas que están executando numerosas obras subvencionadas pola Deputación e a Unión Europea. O préstamo cancelarase no intre no que eses organismos paguen ao Concello as subvencions que xa foron concedidas. A operación conta co informe favorábel da intervención municipal.

O alcalde Xosé Represas explicou que Ponteareas, segundo datos oficiais, é un dos concellos galegos con máis obra contratada e en execución e moitas desas obras están finanziadas por outras administracións. “Falamos de proxectos como a humanización da rúa Rondela, a mellora do entorno da piscina, a rede calor ou a praza Bugallal entre outras. Todas esas obras suman máis de 2,5 millóns de euros de investimento que pri-

